



MÁSTER OFICIAL

ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.

IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

A ESCRITURA E O ESCRITO NA IDADE MEDIA

(LIBROS, DOCUMENTOS, INSCRICIÓN)


Gonzalo Francisco Fernández Suárez

Maria Mercè López Casas

Ana Suárez González (coordinadora)

GUÍA DOCENTE

2021/2022



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: Gonzalo Francisco Fernández Suárez, Maria Mercè López Casas e Ana Suárez González (coordinadora)

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

NOME E CÓDIGO:

A escritura e o escrito na Idade Media (libros, documentos, inscricións).

P5091201

TIPO:

Optativa.

CRÉDITOS ECTS:

6

PERIODO DE DOCENCIA:

Segundo semestre
2 de marzo - 27 de abril de 2022

LUGAR:

Facultade de Xeografía e Historia.

LINGUAS EN QUE SE IMPARTE:

Galego e castelán.

Utilizarase material de traballo en castelán, galego, francés, inglés e latín.

PRERREQUISITOS RECOMENDADOS:

Coñecementos básicos de Paleografía latina medieval e latín.

PROFESORES:

Gonzalo Francisco Fernández Suárez.

Área de Ciencias e Técnicas Historiográficas.

Departamento de Historia. Facultade de Humanidades (Lugo). USC.
[gonzalofrancisco.fernandez@usc.es]

Maria Mercè López Casas

Área de Filoloxía catalana.

Departamento de Filoloxía Galega. Facultade de Filoloxía. USC.

[mamerce.lopez@usc.es]

Ana Suárez González (Coordinadora)

Área de Ciencias e Técnicas Historiográficas.

Departamento de Historia. Facultade de Xeografía e Historia. USC.

[ana.suarez@usc.es]

PÁXINAS WEB RECOMENDADAS:

Comité international de Paléographie

Latine

[http://www.palaeographia.org/cipl/cipl.
htm](http://www.palaeographia.org/cipl/cipl.htm)

Biblioteca Digital Hispánica:

<http://www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica/Inicio/>

Biblioteca virtual del Patrimonio Bibliográfico:

<http://bvpb.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion>

Institut de Recherche et d'Histoire des Textes (CNRS):

www.irht.cnrs.fr

Portal de Archivos Españoles

(PARES): <http://pares.mcu.es/>

Vocabulaire Codicologique:

<http://vocabulaire.irht.cnrs.fr/vocab.htm>

Sociedad Española de Ciencias y Técnicas Historiográficas

<http://www.cartulario.es>

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia

<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/inicio/inicio.do>

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A materia posibilita o acceso aos monumentos gráficos medievais (libros, documentos e inscricións) facilitando o seu aproveitamiento heurístico. Así mesmo, familiariza co método das ciencias específicas (Codicoloxía, Incunabulística, Diplomática, Epigrafía) pouco presentes actualmente nos plans de estudo dos grados en Historia, Historia da Arte e Filoloxía.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- 1- Familiarizar aos alumnos coa escritura e cos obxectos escritos latinos medievais, inserindo o fenómeno gráfico nas restantes manifestacións da actividade humana.
- 2- Captar e valorar a utilidade da Historia da cultura escrita, a Epigrafía, a Diplomática, a Codicoloxía e a Incunabulística para os estudos medievais.
- 3.- Coñecer o desenvolvemento histórico-evolutivo dos obxectos escritos medievais (libros, documentos e inscricións).

4. CONTIDOS

I. Os obxectos escritos na Idade Media e as ciencias da cultura escrita aplicadas aos monumentos gráficos medievais (Ana Suárez González)

II. A escritura latina na Idade Media: evolución, tipoloxías, categorías (Ana Suárez González).

III. A inscrición (Ana Suárez González).

Introdución á epigrafía medieval.

IV. O libro.

1. O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma (Ana Suárez González)

.- Xénese (actores, tarefas, obradoiros).

.- Caracteres externos.

Morfoloxías e formatos.

Composición / fasciculación.

Configuración de página

Escritura.

Iluminación.

Corrección.

Encadernación.

2. O libro impreso na Idade Media: os incunables (M. Mercè. López Casas).

A imprenta. A tipografía. Impresión por formas

Identificación do produto tipográfico

- Soporte e formato
- Signaturas tipográficas e reclamos
- Tipo e identificación do taller de imprenta
- Variantes e estados.

Estrutura formal do libro impreso antigo

- Portada
- Colofón
- Privilexio
- Rexistro de pregos
- Táboas e índices
- Ilustracións

O impreso antigo como produto textual

Bibliografía e catálogos fundamentais para a localización e identificación de incunables e post-incunables

V. O documento medieval: xénese, forma e edición (Gonzalo F. Fernández Suárez)

3. Clasificación do documento medieval.

4. Xénese do documento público e privado.

- .- Fases da xénese.
- .- Artífices e lugares da xénese.

5. Forma I: caracteres externos.

6. Forma II: caracteres internos.

- .- Estilo.
- .- Fórmulas.

7. A data: cronoloxía técnica.
8. O selo
9. Tradición documental.
10. Edición e crítica diplomática.

5. BIBLIOGRAFÍA

- BATTELLI, G., *Lezioni di Paleografia*, Città del Vaticano (reimp.)1999.
- CARTER, H., *Orígenes de la tipografía. Punzones, matrices y tipos de imprenta (siglos XV y XVI)*, ed. de J. MARTÍN ABAD, Madrid 1999.
- COMMISSION INTERNATIONALE DE DIPLOMATIQUE (CÁRCEL ORTÍ, M.M. (ed.), *Vocabulaire internationale de la Diplomatie*, València 1994.
- FAVREAU, R., *Les inscriptions médiévales*, Turnhout 1979.
- ID., *Épigraphie médiévale*, Turnhout 1997.
- GARCÍA LOBO, V., *Los medios de comunicación social en la Edad Media. La comunicación publicitaria (Lección inaugural, curso académico 1991-1992, Universidad de León)*, León 1991.
- ID., *La epigrafía medieval. Cuestiones de método: Centenario de la Cátedra de Epigrafía y Numismática*. Universidad Complutense de Madrid 1900/1-2000/01, Madrid 2001, pp.77-119.
- GASNAULT, P., *Les supports et les instruments de l'écriture à l'époque médiévale: Vocabulaire du livre et de l'écriture au Moyen Âge. Actes de la Table ronde, Paris 24-26 septembre 1987*, Turnhout 1989, pp.20-33.
- GELDNER, F., *Manual de incunables. Introducción al mundo de la imprenta primitiva*, Madrid 1998.
- GILISSEN, L., *Prolégomènes à la Codicologie*, Gand 1977.
- GIRY, A., *Manuel de Diplomatie*, Paris 1894 (ed. facsímil Hildesheim-New York 1972).
- LEMAIRE, J., *Introduction à la Codicologie*, Louvain-la- Neuve 1989.
- HAEBLER, K., *Introducción al estudio de los incunables* (ed. de J. MARTÍN ABAD), Madrid 1995
- MARTÍN ABAD, J., *Los primeros tiempos de la imprenta en España*, Madrid 2003.
- ID., *Los libros impresos antiguos*, Valladolid 2004.

- MOLL, J., *Problemas bibliográficos del libro del Siglo de Oro*: Boletín de la Real Academia Española 59(1979)49-107.
- MUZERELLE, D., *Vocabulaire codicologique. Répertoire méthodique des termes français relatifs aux manuscrits*, Paris 1985
(<http://vocabulaire.irht.cnrs.fr/vocab.htm>)
- NAVASCUÉS Y DE JUAN, J.M. de, *El concepto de Epigrafía. Consideraciones sobre la necesidad de su ampliación*: Discursos leídos ante la Real Academia de la Historia por los señores D. Joaquín María de Navascués y de Juan y D. Manuel Gómez Moreno y Martínez, Madrid 1953.
- NOORDZIJ, G., *El trazo: teoría de la escritura*, Valencia 2009.
- NORTON, F. J., *La imprenta en España 1501-1520* (edición anotada con nuevo índice de libros impresos en España (1501-1520) por J. Martín Abad), Madrid 1997.
- NÚÑEZ CONTRERAS, L., *Manual de Paleografía. Fundamentos e historia de la escritura latina hasta el siglo VIII*, Madrid 1994.
- OSTOS, P., PARDO, M. L., RODRÍGUEZ DÍAZ, E. E., *Vocabulario de Codicología*, Madrid 1997.
- PAOLI, C., *Diplomatica*, Firenze 1898-1899, ed. aggiornata da G.C.BASCAPÈ, Firenze 1942 (ed. anast. Firenze 1969).
- PETRUCCI, A., *Scrittura come invenzione, scrittura come espressione*: Estudis Castellonencs 6(1994-1995)1093-1100.
ID., *Funzione della scrittura e terminologia paleografica*: Palaeographica, Diplomatica et Archivistica. Studi in onore di Giulio Battelli, Roma 1979, pp.3-30.
ID., *Prima Lezioni di Paleografia*, Roma 2007.
- RICO, F. (dir.), *Imprenta y crítica textual en el Siglo de Oro*, Valladolid 2000.
- RIESCO TERRERO, A. y otros, *Introducción a la Paleografía y la Diplomática general*, Madrid 1999.
- SANTIAGO FERNÁNDEZ, J. DE, *La Epigrafía: evolución conceptual y metodológica*: Documenta & Instrumenta 1(2004)203-220.
- STIENNON, J., *Paléographie du Moyen Âge*, Paris 1973.
- VEZIN, J., *La réalisation matérielle des manuscrits latins pendant l'haut Moyen Âge*: Codicologica 2(1978)15-51.

- VINDEL, F., *El arte tipográfico en España en el siglo XV*, Madrid 1945-51
- VVAA, *Vocabulaire du livre et de l'écriture au Moyen Âge*, Paris 1989.
- VVAA, *Conceptos. Actas del III Congreso de Historia de la Cultura Escrita*, Alcalá de Henares 1998.
- VVAA., *Paleografía y Diplomática*, Madrid (reimp.) 2002.
- VVAA, *Tagung des Comité International de Paléographie Latine: Archiv für Diplomatik* 50(2004)417-465.
- VVAA., *Lire le manuscrit médiéval. Observer et décrire*, Paris 2005.
- VVAA, *Diplomática antigua, Diplomática moderna (III Jornadas de la Sociedad Española de Ciencias y Técnicas Historiográficas)*, [Murcia 2006].

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

- Capacitación para a identificación, localización xeográfica e cronolóxica coa maior precisión posible dun determinado obxecto escrito medieval en alfabeto latino.
- Capacitación para a descrición formal do libro medieval manuscrito e impreso.
- Capacitación para o estudo crítico e a interpretación do documento medieval.
- Capacitación para a realización dunha correcta edición de documentos medievais que posibilite a súa difusión e o seu aproveitamento como fonte para diversas ciencias.

7. METODOLOXÍA

A maior parte das sesións serán teórico-prácticas, con apoio en textos e imaxes. Asimesmo desenvolveranse prácticas propiamente ditas en horario de aula sobre reproducións fotográficas e facsímiles adaptadas ao correspondente apartado do programa (descripción de aspectos formais externos de libros medievais, análise de caracteres internos en documentos, etc.).

Co fin de completar os contidos e verificar se se comprenderon os conceptos e as técnicas expostas facilitaranse aos alumnos lecturas complementarias e proporanse exercicios prácticos que serán avaliados.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Aspectos avaliáveis, procedemento de avaliación e porcentaxes na cualificación final.

Primeira e segunda oportunidade.

a) Exame final teórico-práctico obrigatorio. Supoñerá o 70% da cualificación final da materia (para esta cualificación global só se computará a proba da que se realizou correctamente polo menos a súa 50%).

b) Avaliación continua formativa. Supoñerá o 30% da nota final.

* Porcentaxes 70%/30% establecidas pola comisión académica do máster.

b.1. Cualificación da asistencia e participación activa dos alumnos nas clases (0-1,5).

Asistencia: a asistencia é obrigatoria. Controlarase mediante firma. As faltas xustificadas (enfermidade, imprevisto familiar ou de traballo, etc.) non supoñerán diminución algunha na cualificación e, por tanto, non é necesaria ningunha tarefa "de substitución" como traballos ou similares. Os alumnos deberán informar das razóns desta ausencia xustificada, por escrito, ao profesor antes de que conclúa o período de docencia. As faltas de asistencia non xustificadas non poden suplirse por ningunha outra tarefa (traballos ou similares). Como a asistencia ao 80% das clases é xa obrigatoria no conxunto de máster para que os alumnos poidan ser avaliados, tomaranse en consideración para a porcentaxe na cualificación final só as sesións correspondentes ao 20% adicional.

Participación activa: valoraranse as intervencións nas sesións presenciais, e, sobre todo, a realización de lecturas complementarias ou de exercicios prácticos plantexados polos profesores e obxecto de corrección ou comentario nas sesións presenciais.

b.2. Cualificación de exercicios ou tarefas breves realizados polos alumnos relacionados cos contidos teóricos e prácticos da materia (0-1,5).

* Establecidos pola comisión académica os porcentaxes dos apartados *a* e *b* (70%/30%) na cualificación final.

Na segunda oportunidade só se realizará o exame final.

Por razóns obvias, no que se refire á avaliación continua (b) manterase nesta oportunidade a

cualificación que o alumno obtivo na primeira, durante o período de docencia.

No caso de alumnado que teña dispensa de asistencia, segundo o disposto na instrución nº 1/2017 da Secretaría Xeral da USC, ou 100 % correspondente a asistencia e participación será cumprimentado cun sistema individualizado de avaliación acorde aos motivos de dispensa.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na "Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións".

9. ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Día	Horario	Contidos	Profesor
Marzo 2, mércores	18:30 - 20:30	Os obxectos escritos na Idade Media e as ciencias da cultura escrita	Ana Suárez
7, luns	18:30 - 20:30	A escritura latina na Idade Media	
8, martes	18:30 - 20:30	A escritura latina na Idade Media	
9, mércores	18:30 - 20:30	A escritura latina na Idade Media Introducción à epigrafía medieval	
14, luns	18:30 - 20:30	Introducción à epigrafía medieval	
15, martes	18:30 - 20:30	Introducción à epigrafía medieval	
16, mércores	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
21, luns	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
22, martes	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
23, mércores	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
28, luns	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
29, martes	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	
30, mércores	18:30 - 20:30	O libro manuscrito na Idade Media: xénese e forma	Ana Suárez

		O libro impreso na Idade Media	M. Mercè López
Abril , 4, luns	18:30 - 20:30	O libro impreso na Idade Media	M. Mercè López
5, martes	18:30 - 20:30	O libro impreso na Idade Media	
6, mércores	18:30 - 20:30	O libro impreso na Idade Media	
18, luns	18:30 - 20:30	O documento	Gonzalo Fernández
19, martes	18:30 - 20:30	O documento	
20, mércores	18:30 - 20:30	O documento	
26, luns	18:30 - 20:30	O documento	
27, martes	18:30 - 20:30	O documento	

10. OBSERVACIÓNS

Plan de continxencia (derivado do "Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22") Prevense as seguintes adaptacións aos escenarios 2 (distanciamento) e 3 (peche de instalacións) en bibliografía, metodoloxía da ensinanza e sistema de avaliación:

Bibliografía

No escenario 3 (peche de instalacións) facilitarase material bibliográfico de substitución e complementario, achegando as ligazóns para a súa consulta ou descarga (se se atopa accesible en portais ou repositorios en liña) ou poñéndoo directamente ao dispor dos alumnos -en formato electrónico, dixitalizado- a través da aula virtual e/ou correo electrónico, respectando os dereitos de propiedade intelectual.

Metodoloxía da ensinanza.

Docencia presencial e virtual [escenario 2] e docencia só virtual no escenario 3, axustada ao contido e ao cronograma fixado ao comezo de curso.

Dependendo do apartado da materia, esta docencia virtual será síncrona (a través da ferramenta de videoconferencia Teams) ou asíncrona (aula virtual/correo electrónico).

Os contidos transmitiránse na modalidade asíncrona mediante material de apoio (textual/bibliográfico, gráfico e/ou audiovisual) asociado a cada un dos temas.

Considerando as súas características e accesibilidade, estes materiais proporcionaranse aos alumnos de forma directa ou de maneira indirecta, facilitando as ligazóns para a súa consulta ou descarga se se atopan dispoñibles en liña en acceso aberto. Respectando, así mesmo, a temporalización fixada ao comezo do curso, establecerase un prazo para a lectura e estudo dos materiais relativos a un determinado apartado e para realizar consultas ou expor dúbidas sobre el aos profesores responsables, que serán resoltas nas clases presenciais (no escenario 2) ou por escrito, mediante o correo electrónico/aula virtual (no escenario 3). Unha vez transcorrido este prazo, para levar a cabo un seguimento do traballo desenvolvido polos alumnos e da súa aprendizaxe, expóñanse aos alumnos exercicios adaptados aos contidos, revisados e avaliados polos profesores responsables. A cualificación obtida nestes exercicios integrarase na correspondente á avaliación continua.

Sistema de avaliación.

Os aspectos avaliábeis, procedemento de avaliación e as porcentaxes na cualificación final en ambas as oportunidades serán os mesmos que no escenario 1 coas seguintes adaptacións.

Escenario 2 (distanciamento): o exame será presencial ou telemático, dependendo da situación concreta na data de realización prevista.

Escenario 3 (peche de instalacións): o exame será telemático. b) Avaliación continua formativa. Supoñerá o 30% da nota final.

Cualificación de (b.1) a asistencia e as intervencións dos alumnos nas clases presenciais (escenario 2) e virtuais síncronas (escenarios 2 e 3) (0-1,5).

Cualificación dos exercicios ou breves tarefas relacionados cos contidos teóricos e prácticos da materia (0-1,5).

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na "Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións".



